

Procedemento: CT207A Subvencións á produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos para o ano 2025

Asunto: Nomeamento da Comisión de Valoración.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 14 de febreiro de 2025, no Diario Oficial de Galicia nº 31, publícase a Resolución do 13 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións á produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos para o ano 2025.

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

- Dúas persoas profesionais de recoñecido prestixio no mundo cultural e/ou audiovisual, entre as cales se designará o seu/a súa presidente/a
- Unha persoa en representación da Televisión de Galicia proposta polo director da Corporación de Radio Televisión de Galicia
- Unha persoa técnica pertencente ao cadro de persoal da Agadic

A Secretaría da Comisión será exercida por unha persoa designada pola Dirección da Agadic, pertencente ao cadro de persoal da Agadic, con voz e sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso"*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.



2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

3. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a Comisión de Valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Manuel Maria Henriques Pires Claro
- Vogal: Olimpia Pont Chafer
- Vogal: Montserrat Besada Vergara, a proposta da CRTVG
- Vogal: Jaime Pena Pérez, pertencente á plantilla da Agadic
- Secretaria : M^a Dolores Meijomín Rodríguez, pertencente á plantilla da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

